



**Federación
Galega de
Atletismo**



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



CIRCULAR 11-2023.

CONTROL SOLIDARIO FGA 22/01/2023 "AXUDA A GUSTAVO DACAL"

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1). A Federación Galega de Atletismo organiza o control FGA os día 22 de xaneiro de 2023, na Pista do CGTD de Pontevedra.

Art.2). Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con ficha pola Federación Galega de Atletismo, da tempada (2023).

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme á tempada 2022. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición.

Art.3). As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 16 de xaneiro. Existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta para cada un dos controis. **A RECADACIÓN DA INSCRICIÓN IRÁ INTEGRALMENTE A AXUDAR A GUSTAVO DACAL**

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo, o que leva unha multa de 3€ por participante ata o mércores 18 de xaneiro ás 12:00, e sempre coa autorización da dirección técnica remitindo un mail a: competicion@atletismo.gal e segundo a dispoñibilidade de prazas libres.

Art.4). Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.5). Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas.



**Federación
Galega de
Atletismo**




Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



Art.6). Horario

CONTROL FGA SOLIDARIO POR GUSTAVO DACAL 22/01/2023				
HORA	PROBA	CATEGORÍA	LANZAMIENTO	LONXITUDE
10:00	1000	Sub 14 H	Disco H	Sub 16 M
10:07	1000	Sub 10 e Sub 12 H		
10:15	1000	Sub 14 M		
10:23	1000	Sub 12 M		
10:31	1000	Sub 10 M		
10:38	500	Sub 14 H		
10:43	500	Sub 14 H		
10:48	500	Sub 12 H		
10:53	500	Sub 12 H		
10:58	500	Sub 12 H		
11:03	500	Sub 10 H	Disco M	Sub 18 e Abs M
11:08	500	Sub 10 H		
11:13	500	Sub 10 H		
11:18	500	Sub 14 M		
11:23	500	Sub 14 M		
11:28	500	Sub 14 M		
11:33	500	Sub 12 M		
11:38	500	Sub 12 M		
11:43	500	Sub 10 M		
11:48	500	Sub 10 M		
11:53	800	Abs Homes		
11:58	800	Abs Homes		Sub 16-18 H
12:04	800	Abs Mulleres	Xavelina H	
12:10	2000	Sub 14 Homes		
12:22	2000	Sub 14 Mulleres		
12:35	600	Sub 16 Homes		
12:41	600	Sub 16 Mulleres		
12:47	600	Sub 16 Mulleres		
12:53	1000	Sub 16 Homes		
13:00	1000	Sub 16 Mulleres		
13:07	3000	Abs Homes	Xavelina M	Abs Homes
13:22	3000	Abs Mulleres		
13:37	1500	Abs Homes		
13:47	1500	Abs Mulleres		



Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada

Art.8). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 26 de decembro de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo